



# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 481

VIII legislatura

31 de maio de 2011

Fascículo 1

## SUMARIO

(Versión electrónica en [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es))

### 1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.2. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.2.1. Proxectos de lei

Designación da Ponencia que informará o Proxecto de lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia

- 08/PL-0025(63386)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia [144235](#)

Puy Fraga, Pedro, e sete deputados máis

Sobre as actuacións para levar a cabo en relación co recurso á colaboración público-privada para o financiamento das obras públicas

[144235](#)

- 08/PNC-0717 (29245)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Fernández, Rosendo, e catro deputados máis

Sobre o desenvolvemento dun sistema informático para centralizar os méritos do *curriculum vitae* dos profesionais do sistema sanitario público galego

[144236](#)

### 3. Procedementos de control e impulso

#### 3.6. Proposicións non de lei

##### 3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

##### 3.6.2.3. Proposicións aprobadas

- 08/PNC-1291 (51511)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

##### 3.6.2.4. Proposicións rexeitadas

- 08/PNC-0545 (21824)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen, e dous deputados máis

Sobre a posta en marcha dun pacto social axeitado para combater a anorexia e a bulimia

[144236](#)

## SUMARIO

---

- 08/PNC-1745(63568)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención temperá [144236](#)

- 08/PNC-1788(64396)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio, e Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre a mellora do servizo de transporte adaptado 065 na comarca da Coruña [144236](#)

- 08/PNC-1342 (52772)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caride Estévez, María José, e tres deputados máis

Sobre a non utilización das fórmulas de colaboración público-privada para financiar investimentos nos servizos públicos básicos [144236](#)

- 08/PNC-1666(61745)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caride Estévez, María José, e catro deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto do pagamento das facturas aos seus provedores, nomeadamente da factura de farmacia hospitalaria, así como o cumprimento dos compromisos derivados dos convenios asinados polo Sergas, en especial aqueles que levan aparelado o pagamento de nóminas [144236](#)

- 08/PNC-1724(63195)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Canal, Alfredo, e dous deputados máis

Sobre o envío polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dunha proposta para fixar a posición galega que se vai defender para o novo período que definirá as perspectivas económico-orsamentarias na Unión Europea [144237](#)

## 1. Procedementos de natureza normativa

### 1.2. Proxectos e proposicións de lei

#### 1.2.1. Proxectos de lei

#### Designación da Ponencia que informará o Proxecto de lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia

A Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do día 27 de maio de 2011, adoptou o seguinte acordo:

Designación de Ponencia

- 08/PL-0025(63386)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia  
BOPG núm. 444, do 05.04.2011

G.P. Popular de Galicia

D.<sup>a</sup> Marta Rodríguez Arias (titular)

D.<sup>a</sup> Paula Prado del Rio (suplente)

G.P. dos Socialistas de Galicia

D.<sup>a</sup> Beatriz Sestayo Doce (titular)

D.<sup>a</sup> Silvia Belén Fraga Santos (suplente)

G.P. do Bloque Nacionalista Galego

D. Carlos Ignacio Aymerich Cano (titular)

D.<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo (suplente)

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2011

Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente da Comisión

## 3. Procedementos de control e impulso

### 3.6. Proposicións non de lei

#### 3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

##### 3.6.2.3. Proposicións aprobadas

Proposicións aprobadas

A Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos, na reunión do 26 de maio de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións:

- 08/PNC-1291 (51511)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro, e sete deputados máis

Sobre as actuacións para levar a cabo en relación co recurso á colaboración público-privada para o financiamento das obras públicas

BOPG núm. 335, do 18.10.2010

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Que a autorización de contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado, así como dos contratos de concesión de obra pública, tipificados na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, requira de previa comunicación ao Parlamento de Galicia e dun informe previo e vinculante da Consellería de Facenda, que versará sobre os seguintes aspectos:

a) Financeiro: no que se analizará o custo financeiro da operación no seu conxunto, distinguindo o custo da obra que se vai realizar dos servizos adicionais ou accesorios incluídos na contratación, co obxecto de verificar a súa idoneidade e para garantir que o financiamento utilizado é o mais apropiado de acordo coas condicións existentes nos mercados.

b) Orzamentario: no que se analizará a repercusión dos compromisos asumidos por este tipo de operacións sobre os orzamentos futuros, e a súa incidencia sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. Para isto, a Xunta de Galicia elaborará un informe detallado dos compromisos de pagamento futuro da Comunidade Autónoma de Galicia derivados da colaboración público-privada asumidos con anterioridade.

c) Contable: no que se analizará, con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación dos pregos que rexen este tipo de operacións, o seu tratamento en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95).

d) Estratéxico: no que se analizará a coherencia da actuación que se vai realizar coa planificación estratéxica da Xunta de Galicia e a súa incidencia na economía galega e no equilibrio territorial, se é o caso.

2.- Incorporar no proxecto de orzamento anual de Galicia un anexo que especifique os compromisos de pagamento derivados dos proxectos de colaboración público-privados cunha clara referencia á contía dos investimentos financiados por esta vía e aos compromisos de pagamento anual previstos ao longo da duración das concesións".

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2011

Ricardo Varela Sánchez  
Vicepresidente 2.º

A Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na reunión do 27 de maio de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións:

- 08/PNC-0717 (29245)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Fernández Fernández, Rosendo, e catro deputados máis  
Sobre o desenvolvemento dun sistema informático para centralizar os méritos do *currículum vitae* dos profesionais do sistema sanitario público galego  
BOPG núm. 206, do 08.04.2010

O texto aprobado é o seguinte:

" O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

Levar a cabo o desenvolvemento dun sistema informático para centralizar os méritos do *currículum vitae* dos profesionais do sistema sanitario público galego."

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2011

Ricardo Varela Sánchez  
Vicepresidente 2.º

#### 3.6.2.4. Proposicións rexeitadas

A Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na reunión do 27 de maio de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNC-0545 (21824)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Acuña do Campo, María Carmen, e dous deputados máis  
Sobre a posta en marcha dun pacto social axeitado para combater a anorexia e a bulimia  
BOPG núm. 169, do 11.02.2010

- 08/PNC-1745(63568)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bouza Santiago, Ana Luisa  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención temperá  
BOPG núm. 450, do 13.04.2011

- 08/PNC-1788(64396)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Aymerich Cano, Carlos Ignacio, e Bouza Santiago, Ana Luisa  
Sobre a mellora do servizo de transporte adaptado 065 na comarca da Coruña  
BOPG núm. 463, do 04.05.2011

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2011

Ricardo Varela Sánchez  
Vicepresidente 2.º

A Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na reunión do 26 de maio de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNC-1342 (52772)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Caride Estévez, María José, e tres deputados máis  
Sobre a non utilización das fórmulas de colaboración público-privada para financiar investimentos nos servizos públicos básicos  
BOPG núm. 342, do 27.10.2010

- 08/PNC-1666(61745)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Caride Estévez, María José, e catro deputados máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto do pagamento das facturas aos seus provedores,

nomeadamente da factura de farmacia hospitalaria, así como o cumprimento dos compromisos derivados dos convenios asinados polo Sergas, en especial aqueles que levan aparelado o pagamento de nóminas

BOPG núm. 431, do 16.03.2011

- 08/PNC-1724(63195)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Suárez Canal, Alfredo, e dous deputados máis

Sobre o envío polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dunha proposta para fixar a posición galega que se vai defender para o novo período que definirá as perspectivas económico-orzamentarias na Unión Europea

BOPG núm. 445, do 06.04.2011

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2011

Ricardo Varela Sánchez  
Vicepresidente 2.º



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727